# BOLETIN OFICIAL

# PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA

1990

Ano X | **N.º 129** | 3 de abril de 1991


## I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

### D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

### 4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO


-Do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dna. Manuela López Besteiro, sobre o deseño dun programa de educación para a saúde e a súa incorporación ó ensino non universitario (n.º 3.737). 2.914

-Do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de Dna. Manuela López Besteiro, sobre a transferencia do financiamento do programa de Educación Compensatoria e a súa elaboración e aplicación a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (n.º 3.738). 2.915

-De D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas respecto da construcción do gran auditorio de Pontevedra (n.º 3.728). 2.936

## II. TEXTOS APROBADOS

## I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

### 1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro e D. Alberte Xulio Rodríguez Feijoo, sobre o desprazamento temporal en 1985 de traballadores da empresa EMESA da Coruña á central nuclear de Zorita (Guadalajara), as condicións de traballo e a situación sanitaria dos mesmos (n.º 1.113). 2.937

-Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Manuel Varela Rey e D. Segundo Denán Casais, sobre a reparación da ponte de Brandomil, no concello de Zas (A Coruña). 2.937

### 2. MOCIÓNS

-Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte Xulio Rodríguez Feijoo, sobre o concerto do Goberno galego co Concello e coa Deputación de Lugo da adquisición do edificio do Gran Teatro de Lugo para destinalo ó mesmo fin (n.º 3.541). 2.937

## III. TEXTOS REXEITADOS

### L. TEXTOS NORMATIVOS

-Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, do Banco de Terras de Galicia (n.º 1.319). 2.938

-Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, de modificación da Lei 811983, do 8 de xullo, do Consello de Cultura Galega (n.º 2.022). 2.938

-Toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, de modificación do "Plan general de carreteras 84-91" incluído no mesmo as autovías Vigo - Ourense - Verín - Puebla de Sanabria - Benavente e A Coruña - Lugo - Pedrafita - Ponferrada - Benavente (n.º 2.373). 2.938

### LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓNS

-Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Santos Oujo Bello, sobre a construcción do hospital comarcal do Barbanza (n.º 1.602). 2.938

-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dna. Margarita Rodríguez Otero, sobre a subvención pola Consellería de Traballo e Servicios Sociais do resto das cotas mínimas non subvencionadas polo INEM ós traballadores autónomos acollidos á modalidade de pagamento único das prestacións de desemprego (n.º 2.574). 2.939

-Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Fidalgo Areda e D. Pedro Mariño Campos, sobre a construcción nesta lexislatura dun hospital comarcal en Ribadavia (n.º 2.627). 2.939

# II. TEXTOS APROBADOS

## I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

### 1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

#### PRESIDENCIA

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, en sesión celebrada o día 14 de marzo de 1991, no punto 2.º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D.ª María Pilar García Negro e D. Alberte Xulio Rodríguez Feijoo, sobre o desprazamento temporal en 1985 de traballadores da empresa EMESA da Coruña á central nuclear de Zorita (Guadalajara), as condicións de traballo e a situación sanitaria dos mesmos (doc. n.º 1.113, publicado no BOPG n.º 39, do 8 de xuño de 1990).

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 1991.

O VICEPRESIDENTE 2.º
**Antonio Carro Fernández - Valmayor**

#### PRESIDENCIA

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, en sesión celebrada o día 15 de marzo de 1991, no punto 2.º da orde do día, aprobou a Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Manuel Varela Rey e D. Segundo Manuel Durán Casais, sobre a reparación da ponte de Brandomil, no concello de Zas (A Coruña) (doc. n.º 2.834, publicado no BOPG n.º 93, do 15 de decembro de 1991), sen modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que se proceda a repara-la ponte de Brandomil o máis axiña posible.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 1991.

O VICEPRESIDENTE 2.º
**Antonio Carro Fernández - Valmayor**

### 2. MOCIÓNS

#### PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 12 de marzo de 1991, no punto sétimo da orde do día, aprobou, por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención, a Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte Xulio Rodríguez Feijoo, sobre o concerto do Goberno galego co Concello e coa Deputación de Lugo da adquisición do edificio do Gran Teatro de Lugo para destinalo ó mesmo fin (doc. núm. 3.541, publicado no BOPG núm. 122, do 9 de marzo de 1991, formulada como consecuencia da Interpelación núm. 1990, sobre o mesmo tema, publicada no BOPG núm. 93, do 15 de decembro de 1990, e debatida no Pleno do día 26 de febreiro de 1991), co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a concertar co Concello e coa Deputación de Lugo a adquisición do Gran Teatro de Lugo e o mantemento do mesmo en calidade de tal.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 1991.

O VICEPRESIDENTE 1.º
**José M.ª García Leira**

2.574 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de Dna. Margarita Rodríguez Otero, sobre a subvención pola Consellería de Traballo e Servicios Sociais do resto das cotas mínimas non subvencionadas polo INEM ós traballadores autónomos acollidos á modalidade de pagamento único das prestacións de desemprego.
Tramitación: BOPG n.º 88. Tramitada pola Comisión 5.ª o día 14/3/91. Rexeitada BOPG n.º 126.

2.580 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. José Manuel Chapela Seijo, sobre o saneamento da praia de Rodeira no concello de Cangas.
Tramitación: BOPG n.º 88. Tramitada pola Comisión 2.ª o día 5/3/91. Aprobada BOPG n.º 126.

2.627 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Fidalgo Areda e D. Pedro Mariño, sobre a construcción nesta lexislatura dun hospital comarcal en Ribadavia.
Tramitación: BOPG n.º 88. Tramitada pola Comisión 5.ª o día 14/3/91. Rexeitada BOPG n.º 129.

2.834 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Manuel Varela Rey, sobre a reparación da ponte de Brandomil, no concello de Zas.
Tramitación: BOPG n.º 93. Tramitada pola Comisión 2.ª o día 15/3/91. Aprobada BOPG n.º 129.

2.872 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Juan Miguel Diz Guedes, sobre a cesión do uso do edificio San Paio a favor do Concello de Tui para destinalo a centro cultural polivalente.
Tramitación: BOPG n.º 93. Tramitada pola Comisión 3.ª o día 5/3/91. Aprobada BOPG n.º 126.

2.960 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, sobre o tratamento e a xestión dos residuos sólidos urbanos.
Tramitación: BOPG n.º 97. Tramitada pola Comisión 2.ª o día 5/3/91. Rexeitada BOPG n.º 126.

3.070 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Antonio Gato Soengas, sobre a acollida do colexio público de EXB de Pedrafita do Cebreiro ó programa de integración de nenos deficientes.
Tramitación: BOPG n.º 108. Tramitada pola Comisión 4.ª o día 6/3/91. Rexeitada BOPG n.º 126.

3.078 Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xoán López Facal, sobre o funcionamento do Bacharelato Internacional no instituto Rosalía de Castro de Santiago e a súa implantación en Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 108. Tramitada pola Comisión 4.ª o día 6/3/91. Rexeitada BOPG n.º 126.

3.210 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Bonifacio Borreiros Fernández, sobre a solución urxente á problemática escolar do concello de Narón e da súa área de influencia.
Tramitación: BOPG n.º 108. Tramitada pola Comisión 4.ª o día 22/3/91. Rexeitada.

3.310 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Francisco Sineiro García, sobre a revisión da proposta de estructura orgánica do Centro Galego de Investigación e Tecnoloxía Agraria.
Tramitación: BOPG n.º 110. Tramitada pola Comisión 7.ª o día 6/3/91. Rexeitada BOPG n.º 126.

3.330 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre a execución da mellora da rede de abastecemento a Carballo.
Tramitación: BOPG n.º 110. Tramitada pola Comisión 2.ª o día 15/3/91. Rexeitada BOPG n.º 129.

## C. INTERPELACIÓNS

525 Interpelación de D. Bonifacio Borreiros Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o anuncio por tres Consellerías de medidas opostas referentes ó saneamento da ría de Ferrol.
Tramitación: BOPG n.º 18. Sesión plenaria 20/3/91, DS n.º 64.

1.385 Interpelación de Dna. María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a utilización do Gabinete de Comunicación da Consellería da Presidencia e Administración Pública.
Tramitación: BOPG n.º 48. Sesión plenaria 20/3/91. DS n.º 64.